



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS
REXISTRO XERAL

SAÍDA
Data 22/10/2024
Nº 144

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto de 1996), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 16 do Decreto 189/2010, do 11 de novembro de 2010 (DOG do 19 novembro de 2010), corresponde elixir neste proceso electoral a **3 alumnos/as, dun total de 5** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todo o alumnado matriculado na Escola Oficial de Idiomas de Lugo e/ou na Sección de Sarria ata o 22 de outubro ás 11.00 h. Este alumnado está incluído no censo correspondente que, a partir do día da data desta convocatoria se pode consultar **no taboleiro de anuncios do centro. As reclamacións ao referido** censo realizaranse mediante escrito razoado presentado por rexistro na Secretaría da escola e dirixido á Xunta Electoral, **ata o día 4 de novembro**, este incluído.

3. É elixible todo o alumnado que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na conserxaría ou oficina do Centro e que se presentará mediante rexistro na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende as **09.00 h do 23 de outubro ata as 11.00 h do 5 de novembro**. Proclamaranse as candidaturas ese mesmo día ás **12.00 h**.

Contra o acordo de proclamación de candidaturas poderase **reclamar ata as 12.30 h do día 7 de novembro**, este incluído, mediante escrito razoado presentado por rexistro na Secretaría da escola e dirixido á Xunta Electoral.

4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público baixo a supervisión da Xunta Electoral, entre o alumnado que non presente a súa candidatura, **o día 11 de novembro, ás 16.00 h**.

Esta mesa electoral estará composta polo director do Centro, que actuará como presidente, e dous alumnos/as, dos/das que será secretario/a o/a de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá **dende o 12 ao 20 de novembro**, ambos os días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán á disposición das persoas candidatas, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo da Escola. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.



6.- Poderán actuar como supervisores da votación o alumnado matriculado no Centro que este avalado, cando menos, pola sinatura de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse nesta Escola Oficial de Idiomas **o día 22 de novembro, de 17.30 h a 19.00 h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, **ás 17.15 h**, no salón de actos da Escola Oficial de Idiomas.

8.- Na papeleta de votación, cada elector fará constar un máximo de **1 nome** das persoas candidatas presentadas, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, por medio de DNI ou documento similar que acredite a súa identidade. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o alumnado matriculado na Escola Oficial de Idiomas en réxime oficial, presencial e semipresencial.

10.- Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 22 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral

Fernando Vázquez López

